



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### **Resolución de 28 de setembro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Láncara. (expediente IN407A 2017-89-2-8563-AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: GANADERÍA RIVAS GÓMEZ S.C.
- Domicilio social: Toirán, 2, Láncara
- Denominación: modificado do proxecto de LMTA LMTS CTA para granxa no lugar de Sebrín-Toirán (O Salvador)
- Situación: concello de Láncara
- Características técnicas:

LMT aérea a 20 KV con orixe no apoio anterior (existente) ao CT Sebrín propiedade de Union Fenosa e final no apoio proxectado nº1, tipo HV-1000/13, cunha lonxitude de 10 metros en conductor tipo LA-56.

LMT aérea a 20 KV con orixe no apoio proxectado nº1 tipo HV-1000/13 no cal se instala un interruptor telecontrolado e final no apoio proxectado nº2 tipo HV-1000/13, no cal se realiza un paso aéreo a soterrado, cunha lonxitude de 96 metros en conductor tipo LA-56.

LMT soterrada a 20 KV con orixe no apoio proxectado nº2 tipo HV-1000/13 e final no CTI proxectado sobre apoio de formigón tipo HV-1000/11, cunha lonxitude de 1.088 metros en conductor tipo RHZ1-95.

CTI proxectado sobre apoio de formigón tipo HV-1000/11, cunha potencia proxectada de 100KVAS e unha realación de transformación de 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real

Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, resolve:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 28 de setembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2849

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### INTERVENCIÓN

#### *Anuncio*

#### Adecuación da masa salarial consolidada do persoal laboral da deputación de Lugo para 2018.

Conforme establece o artigo 103.Bis la LBRL, e en cumprimento do acordo da Presidencia de 24.09.2018 relativo á adecuación da masa salarial consolidada do persoal laboral que foi aprobada no Orzamento da Deputación de Lugo para 2018, de acordo ao establecido no artigo 18 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, dáse publicidade da masa salarial consolidada en 2018 que ascende a **4.698.153,10 €**, co seguinte detalle:

Deputación	2.606.776,98 €
SUPLUSA	1.204.651,21 €
Consortio Ext. B.	37.176,24 €
Fundación TIC	849.548,67 €

O que se fai público para os efectos oportunos.

Lugo, 4 de outubro de dous mil dezaoitio.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 2850

## CONCELLOS

### FOLGOSO DO COUREL

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de de data 26 de setembro de 2018 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal dous peóns de obras e un auxiliar administrativo ao abeiro do Programa Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Deputación Provincial.

**Tipo e duración do contrato:** Dous peóns de obras a xornada parcial (75% da xornada) por un período de 9 meses e un auxiliar administrativo a a xornada parcial (75 % da xornada), por un período de 6 meses.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Folgoso do Courel ata o 19 de outubro de 2018.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel e na páxina web.

Folgoso do Courel, 26 de setembro de 2018.- Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2721

## O INCIO

#### *Anuncio*

### **BASES XERAIS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE O INCIO**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal; eventual por circunstancias da produción e de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar.
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo municipal de axuda no fogar.

#### **SEGUNDA: FUNCIONS OU TRABALLOS A REALIZAR**

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas no Regulamento de funcionamento do Servizo de Axuda no fogar do Concello de O Incio vixente.

#### **TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO**

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

- a) De interinidade: Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.
- b) Por acumulación de tarefas.

#### **CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS**

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de O Incio.

#### **QUINTA: XORNADA DE TRABALLO**

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 40 horas semanais de luns a domingo.

#### **SEXTA: RETRIBUCIONS**

As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de titulación do posto ofertado.

#### **SÉTIMA: PUBLICIDADE**

No taboleiro de anuncios, e na sede electrónica do Concello de O Incio <https://concellooincio.sedelectronica.gal> publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo, así como os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados coa convocatoria.

O anuncio da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

#### **OITAVA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Requisitos:

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril e no artigo 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Os estranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- c) Posuír permiso de condución B1 e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse dentro do termo municipal .

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo ao que se opta. As persoas con discapacidade serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, agás nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Técnico de Grao Medio en Coidados Auxiliares de Enfermería ou titulación equivalente.
- Técnico de Grao Medio en Atención Sociosanitaria.
- Técnico de Grao Medio en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.
- Certificado da Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou o equivalente Certificado de Profesionalidade de ocupación de auxiliar de axuda a domicilio.
- Certificado de Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### **NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo II das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Alcaldía do Concello de O Incio. Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de O Incio ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de CINCO DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de O Incio e na súa sede electrónica <https://concellooincio.sedelectronica.gal>.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo II) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido na convocatoria
- c) Fotocopia compulsada do Permiso de conducir
- d) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados
- e) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego.
- e) Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).

Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán acreditarlo documentalmente na súa solicitude.

#### **DÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concellooincio.sedelectronica.gal>. Concederase un prazo de dous días naturais para reclamacións, se as houbera, e/ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación xustificativa do currículo ou méritos alegados nin se aceptará documentación algunha para completar dito currículo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoa ou desestimándoa, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica <https://concelloinicio.sedelectronica.gal>.

#### UNDÉCIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario e catro vocais por Resolución da Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros do tribunal cualificador deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

O tribunal cualificador estará facultado para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do sector Público; así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores a publicación desta convocatoria.

O órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativo dun funcionario, que desenvolverá tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Alcaldía cos membros do tribunal cualificador exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concelloinicio.sedelectronica.gal>, xunto coa listaxe provisional de admitidos e excluídos.

#### DUODÉCIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección, será o de concurso-oposición que se rexerá polas seguintes normas:

##### 12.1 Fase de concurso

Consistirá na avaliación por parte do tribunal cualificador dos méritos presentados polos/as aspirantes con carácter previo á realización da fase de oposición. Para a cualificación da fase de concurso rexerá o seguinte baremo de méritos cunha puntuación máxima total de **10 puntos**

##### A) Experiencia profesional:

Deberase acreditar que corresponde ás funcións ás que se aspira, e xustificarse obrigatoriamente co informe da vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas e organismos dependentes de estas, acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial correspondente na que se especifique a praza/posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.

- Os servizos prestados para a Administración Pública como autónomos, acreditaranse mediante as correspondentes copias compulsadas dos contratos de servizos. Así mesmo, será necesario acompañar aos citados contratos de servizos a certificación da actividade que se desenvolveu polas persoas aspirantes, o tempo de duración e a fotocopia compulsada do documento de alta no censo de actividades económicas.

- Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo rexistrado no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

- Se os servizos se prestaron neste Concello farase constar na solicitude co obxecto de emitir certificación acreditativa dos servizos prestados. A dita certificación será xuntada pola Entidade á solicitude da persoa aspirante.

- Por experiencia profesional como auxiliar de axuda no fogar ao servizo da Administración Local: **0,15 puntos** por mes completo ao servizo.

- Por experiencia profesional como auxiliar de axuda no fogar ao servizo de calquera outra Administración pública: **0,10 puntos** por mes completo de servizo.

- Por experiencia profesional como auxiliar de axuda no fogar ao servizo da empresa privada: **0,05 puntos** por mes completo de servizo.

A puntuación máxima neste epígrafe non poderá exceder os **5 puntos**

##### B) Formación:

**B.1-** Por participación en cursos homologados, acreditado mediante o correspondente certificado de asistencia, os cales sexan expedidos por un organismo oficial, centro homologado para impartilos ou colexio profesional, SEPE, organismos oficiais para impartir cursos e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederacións de empresarios, sempre e cando teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que expidan deberá constar a resolución expresa de homologación.

- Por cada curso de máis de 100 horas de duración: **0,60** puntos
- Por cada curso entre 100 a 60 horas de duración: **0,40** puntos
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración: **0,20** puntos
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración: **0,10** puntos
- Por cada curso no que non se especifique a duración: **0,05** puntos

A puntuación máxima para este epígrafe non poderá exceder os **4,50 puntos**

**B.2** Titulacións ou certificados de estudos regulamentados superiores á esixida para o acceso á praza, sempre que teña relación directa coas funcións de auxiliar de axuda no fogar.

- Por cada título oficial: **0,50** puntos

C) Coñecemento da lingua galega:

Respecto á acreditación do coñecemento da lingua galega, so poderán ser valorados:

- Por ter o Celga 3 ou equivalente: **0,25** puntos
- Por ter o Celga 4 ou equivalente. **0,50** puntos

Puntuarase o título superior alegado e xustificado como mérito.

Quen non dispoña de título de coñecemento de galego deberá realizar unha proba de tradución que se puntuará cun máximo de 0,50 puntos. Esta proba realizaraa quen supere a fase de oposición ao remate desta.

A puntuación máxima para este epígrafe non poderá exceder os **0,50 puntos**

### 12.2 Fase de oposición.

Constará de dous exercicios:

**Primeiro exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito a un test de 20 preguntas con varias respostas alternativas propostas polo tribunal e relacionadas como temario contemplado no Anexo I das bases reguladoras no prazo máximo media hora.

Cada pregunta correctamente contestada valorarase en 0,60 puntos, e cada resposta errónea descontará 0,20 puntos. É necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de seis 6 puntos.

**Segundo exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes.

Consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal e relacionado coas funcións propias do posto de auxiliar de axuda no fogar.

É necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de seis (6) puntos.

### DÉCIMO TERCEIRA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios candidatos primará o que teña máis puntuación na fase de oposición e de persistir este quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidirse por sorteo público.

### DÉCIMO CUARTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, O Tribunal confeccionará unha lista pola orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista exporase no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concelloinicio.sedelectronica.gal>.

### DÉCIMO QUINTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego segundo a orde de puntuación obtida para contratacións laborais temporais, funcionará de acordo coas seguintes normas:

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 2 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da bolsa de emprego

### 1. Os chamamentos aos aspirantes

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta; realizando tres chamadas telefónicas o/a candidato/a, cun intervalo de media hora entre cada chamada telefónica.

Se o/a candidato/a renuncia ao posto ofertado terá a obriga de remitir a súa renuncia por escrito; e remitiraa por correo, Fax ou presentala persoalmente no rexistro municipal; no prazo de 3 días hábiles. Nestes casos, procederase a chamar a seguinte persoa da lista.

### 2. Situación na Bolsa de Emprego

As persoas integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o contrato para o que son chamados finaliza, permanecerán no mesmo posto.

As persoas integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, seralles de aplicación o disposto no apartado 4º Renuncias. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

### 3. Nomeamentos e Cesamentos

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou, excepcionalmente, nomeamentos interinos para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc, e sexa imprescindible o nomeamento interino para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través de informe dos servizos sociais comunitarios no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para o adecuado funcionamento do servizo público de axuda no fogar.

Unha vez comparecera o/a candidato/a chamado segundo a orde da bolsa de emprego, a Alcaldía por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. Previamente ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención municipal.

No suposto de que un/unha mesmo/a candidato fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

### 4.-Renuncias

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

— As tres primeiras renuncias sen presentación da xustificación correspondente, o aspirante situarase ao final da lista.

— A cuarta renuncia sen xustificación, suporá a baixa na bolsa de emprego por prazo de seis meses.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da bolsa de emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renunciem ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

— Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.

— Que acrediten situación de baixa médica.

— Que concorran causas debidamente xustificadas de conciliación da vida familiar que impidan a incorporación ao posto de traballo.

— Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.

— Calquera outra de similar natureza.

O/A candidato/a seleccionado/a, no prazo de tres días naturais desde a sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

— Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás

Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

— Declaración responsable de estar en posesión do permiso de conducir en vigor e dispor dun coche para poder desprazarse dentro do termo municipal.

Quedará condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación no prazo indicado.

#### **DÉCIMO SEXTA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO**

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regula as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de dous anos de vixencia establecido nesta base.

#### **DÉCIMO SÉTIMA**

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **DÉCIMO OITAVA: APROBACIÓN**

As presentes bases serán aprobadas por Resolución da Alcaldía.

#### **DÉCIMO NOVENA: IMPUGNACIÓN**

Contra a aprobación das presentes bases e convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Potestativamente poderá interpoñerse recurso previo de reposición no prazo dun mes perante a Alcaldía do Concello de O Incio.

